

## EUGENIO F. GRANELL: UNHA AUSENCIA CONVERTIDA EN PRESENZA

*Tareixa Navaza González*

"O amor, a poesía e a liberdade son marabillosas". Nada máis poderoso que estas tres cousas. Iso é o Surrealismo: Amor, poesía e liberdade. Así falaba Granell no ano 2000 para TVE en Galicia. "En realidade eu non me fixen surrealista, porque o surrealismo non é causa de elección senón de condición. Os surrealistas nacen, non se fan". Teñen un xeito de vivir, de pensar, de estar, un estilo na poesía, na mesma política que os separa dos outros.

Granell escribiu que el formou parte dese grupo xa desde a súa convivencia en Santo Domingo, con surrealistas tan importantes como Bretón, o doutor Pierre Mabille e o cubano Wifredo Lam, á quem coñecía de España. Lam loitara a prol da República na división de Enrique Líster.

O intelectual galego Rubia Barcia, amigo de Granell con vidas moi paralelas: republicano de esquerdas, estadías en campos de concentración, exiliado trala guerra civil, director do departamento de español e portugués da Universidade de California, nos Ánxeles, arabista e un dos mellores críticos da obra de Valle Inclán e amigo de Luis Buñuel, escribiu unha das más marabillosas semblanzas de Eugenio Granell: "Houbo e segue habendo palabras e homes matrices con excepcional habilidade para seguir incrementando a riqueza interior e exterior do mundo. E algúns deses homes parecen xa predestinados polo nome propio, nome de pila ou nome piar que lle tiña correspondido. A Eugenio F. Granell tocoulle en sorte o nome trisilábico de Eugenio. A súa etimoloxía procede do grego *eu* (=ben) e xénese (=enxendrado), ou sexa, que ven a significar "o ben nado". O trisilabismo de Eugenio suxire algo máis. O "*eu*" primeiro é o "*eu*" da súa terra natal, seguido do "*genio*" en español.

Un xenio con inxenio. Un dos creadores máis polifacéticos do noso tempo. Concertista de violín e crítico musical, debuxante, crítico literario, ensaísta, profesor de literatura, contista, escultor, novelista, poeta e pintor. E xornalista.

Un día do verán de 1950, o mago entre os magos, André Bretón, clasificou ós pintores surrealistas nunha folla segundo as súas afinidades con magos ou feiticeiros caros ó mito, á literatura ou á historia, para unha exposición en Nova Iorque.

Javier Herrera Navarro sinala que a adscrición de Granell xunto ós Matta, Lam, Mesens, Gorky e Giacometti baixo a protección de Próspero, personaxe central da Tempestade, de Shakespeare, tiña non so un valor analóxico *Granell na súa vida e obras recuperaba en certo modo a maxia e os encantos da personaxe de ficción* senón o selo indubidable dun certificado de garantía da súa auténtica dimensión como intérprete da visión surrealista do mundo e da vida.

Na súa obra pintada e literaria permanece a poesía, a liberdade, a fantasía, a sensibilidade, cara ó marabilloso.

O surrealismo impregna cada poro da súa pel e está en tódalas súas manifestacións artísticas, e, polo tanto, no xornalismo.

As palabras no planeta Granell rodéannos mesmo nese corpo de memoria no que o único punto de referencia, a única liña de flotación, é a vida e o reverso da vida. Da súa vida, da súa infancia e xuventude fala no último agasallo que nos ten feito, "Memorias de Compostela. Visión orlada por estrellas, illas, árboles y antorchas", deliciosa análise xornalística dos máis pequenos detalles que amplían a nosa visión dunha vila como Compostela a principios do Século XX.

Porque xornalismo é a crónica da vida diaria, dos xogos dos cativos, do ensino, da influencia e do peso da Igrexa, das relacións familiares e por suposto, dos relatos duros da guerra. Pero mesmo nos momentos más tráxicos e tristes Granell non esquece que o humor é un poderoso bisturí para penetrar en alma humana.

"Non hai nada que un humor intelixente non poida resolver cunha gargalada, nin sequera a nada", escribiu Bretón na súa "Antoloxía do humor negro".

E amais de humor e ironía, en Granell hai **maxia**. Maxia para espectadores e lectores intelixentes. Como sinalou Cunqueiro na aspereza da vida cotiá, soñar é necesario. Maxia que axudaba a rebelarse perante o silencio e a indiferencia.

Leonard Cohen, aconsella "antes de aprender maxia, a xente debería coñecer e practicar a etiqueta", algo que sempre fixo o noso persoero, porque para el a vida foi sempre a arte do encontro, do gozo. Fixo sempre súa a recomendación de Baudelaire "é preciso embriagarse sen tregua: de viño, de poesía ou de virtude, ó voso gusto. Pero embriágaos".

Granell desenvolveu toda a súa vida unha intensa actividade como xornalista e colaborador en multitude de publicacións e foi o creador dalgunha delas a unha e outra beira do Atlántico.

Escribiu moitas conferencias que foron lidas pola radio, especialmente en Guatemala. César Antonio Molina ten varios e intensos traballos publicados sobre a actividade xornalística de Granell.

No período anterior á guerra civil española, e mesmo na mesma, estivo presente nas cabeceiras seguintes: *Nueva España* (Madrid, 1930), *Leviatán* (1934-36), P.A.N (Madrid, 1935), *Hora de España* (Valencia, 1937-38); ou as do POUM: *La Batalla*, *La Nueva Era* ou *El Combatiente Rojo*, da que foi o seu director desde a súa aparición a finais do 36 ata a súa desaparición.

Durante a contenda Granell foi comisario político acadando o grao de tenente coronel. En Barcelona ten que se refuxiar un tempo na casa de Rafael Dieste.

Coñecerá a Orwell, Benjamin Péret e Kurt Landau. Granell era un gran artista e un combatente revolucionario. A arte deulle un sentido fondo á súa vida e a loita polo socialismo no seo do POUM, durante a guerra civil, revelou a súa singular personalidade.

Granell impregnábase fondamente diante das grandes imposturas do seu tempo, o fascismo e mailo estalinismo. Corre o ano 36 e cada vez se fai máis forte o compromiso político de Granell. As súas relacións co Partido Comunista nunca foron boas: O PCE sempre estivo dirixido desde Moscú. Non se facían congresos, a penas había reunións, nada. Funcionaba de xeito distinto ás organizacións estudiantís nas que eu militaba. Eu estivera na FUHA. Alí reuníamonos todos e comentábanse as cousas. Eu seguía entusiasmado coa biografía de Trotski que lera como se fose unha novela dun gran escritor universal. Os escritos de Stalin e outros comunistas eran moi aburridos e repetitivos. Non tiña sustancia. A oposición de esquerda publicabamos unha revista estupenda que se chamaba "Comunismo", hoxe en día considerada a mellor publicación teórico marxista editada en Europa.

Un gran escritor da revista foi FERSEN (Enrique Fernández Sendón) da Pboa do Caramiñal, onde foi asasinado polos fascistas. Era un teórico prodixioso. Unha das poucas persoas que coñecín, di Granell, cunha mentalidade clarividente.

Tiña unha cultura histórica, literaria e marxista impresionante. O noso partido di *Eugenio* distingúise polo alto nivel intelectual, cultural, dos seus compoñentes, de xeito que a súa capacidade para a loita era considerable.

A provocación do asalto militar-clerical ó poder, chamado polos fachas "alzamiento", fixo que de uns centos pasaramos a milleiros, e aínda moito máis cando o noso partido se fusionou co Bloque Obrero e Campesiño, de Joaquín Maurín, formando o POUM. Granell presumía dicindo que os obreiros da CNT de Santiago, Noia, Vilagarcía e Ourense se pasaron ó POUM. Entón a ferocidade dos fascistas e stalinistas coincidiu para nos aniquilar.

Fun torturado nunha checa de Barcelona por terme negado a facerme stalinista. Moitos amigos foron asasinados por fascistas e stalinistas. Tiñamos moitos

amigos na CNT, da á caballerista (de Largo Caballero), do Partido Socialista e algúns do propio Partido Comunista, e non poucos procedentes dos partidos republicanos ou de ningún.

O partido funcionaba dentro dunha democracia absoluta. Todos eramos iguais. Non había xefes unxidos como no PCE nin por conseguinte rabaños obedientes. Granell tense declarado como un magnífico boicoteador de mitins comunistas, con perigo, máis dunha vez, da súa integridade física.

"No PCE había xente, escribe Granell, moi decente. Eu sempre fun un antiestalinista, pero debo recoñecer que había xente que, de boa fe, crían niso".

Torturado por se negar a facerse stalinista. Estes son os seus rasgos más característicos ó longo da súa vida: paixón pola independencia, a súa insobornable ética, o seu amor pola liberdade, non axeonllarse, non renunciar a aquilo no que cree e defende. Isto cóntao e esríbeo con naturalidade e sen dramatismos. Cando cumpre o servicio militar en Xixón, a Revolución do 34 estala con virulencia. Vai construírse un pelotón de fusilamento para ó que se elixe a Eugenio F. Granell, este négase e é enviado axiña ó calabozo mentres se instrúe un oficio de cargos para ser sometido a un consello de guerra.

Unha xestión do xeneral Caridad Pita, amigo dos pais de Granell, frea a súa condena á morte. Caridad Pita sería fusilado, polos franquistas, no castelo de San Antón.

Detido durante o período dereitista da República, Granell pasou varios meses en prisión, acusado de distribuir propaganda subversiva. Estivo no cárcere Modelo.

"Tiven tempo de escribir artigos e publicalos. Un día visitoume o director, chamábase Elorza. Instoume a abandonar as miñas ideas, xa que eu era un bo rapaz, de boa familia e con estudios. O remedio que me ofrecía era ir á igrexa. Nin Elorza nin Stalin me convenceron. Seguín sendo trotskista". O seu partido, antes de se integrar no POUM tiña a Juan Andrade, Andrés Nin e García Lavid como os seus dirixentes más importantes. Lavid, coñecido por Henri Lacroix, foi aforcado polos stalinistas ó final da guerra. A Andrés Nin torturárono terriblemente nun chalé de Alcalá. Andrade estivo encarcerado polos stalinistas e logo polos nazis en Francia.

E o Granell desmitificador no seu rol de xornalista: "en case tódalas historias da guerra civil nas que se fala do noso partido dise que a represión contra o POUM se desencadeou en Cataluña despois dos feitos de maio do 37. ¡Non é certo! Principiou en Madrid a partir de outubro do 36. Os stalinistas valéndose dos seus extraordinarios medios, impedíronos publicar os nosos xornais. "EL Combatiente Rojo", que eu dirixía, foi un deles.

Durou dous meses e medio. Difundíase moito nas frontes. Spinelli, un socialista italiano emigrado da Italia fascista, amigo de Malraux, que organizou a nosa inicialmente modesta aviación de guerra, chegou a Madrid co seu pequeno avión particular. Botaba sobre o inimigo as bombas de man ó mesmo tempo que as nosas publicacións, no que as veces lle axudaba, desde o seu avión, o mesmo Malraux. Levaba a cabo as súas incursións con admirable dedicación e entusiasmo. Era un home enormemente culto e entregado á causa dunha radical transformación da sociedade”.

“Outro dos nosos xornais de Madrid era o POUM, dirixido por un antigo membro do meu grupo orixinal, a *Oposición de Izquierda*, e fora como Andrade e Nin fundador do PC. Era Luis Portela. Amais dos xornais pecháronnos a nosa radio, que estaba no último andar do edificio Capitol na Gran Vía. Era a mellor e más moderna emisora de Madrid, montada por dous técnicos do POUM.

Os estalinistas recibiran a orde de facer só a guerra e deixar a revolución para despois, pero se trataba, pola nosa parte, dunha guerra que só tiña sentido se era revolucionaria.

A historia non funciona a vontade, segundo a orde dos menús nos banquetes; primeiro armar ós traballadores, logo militarizalos, de seguido a guerra, a victoria, despois e unha vez gañada, ven a revolución. *As revolucións non son postres*”.

## Exilio

Xa no exilio Granell colaborou noutras moitas publicacións en diarios e na radio. En Santo Domingo atopamos a súa sinatura en *Ágora* -adicada fundamentalmente á arte-, onde publica “apuntes sobre realismo artístico” onde especifica que o que hai de máis fondo na arte é a súa posibilidade de fuxida do mundo, e engade que hai outra arte, que é a que quere facer do mundo o seu xemelgo. A esa gran mentira chámassel realismo. A realidade maior en arte é a súa independencia absoluta da vida cotiá e as súas accións.

Urbano Lugrís, o pintor-poeta, bon amigo de Granell dicía: “pinto en galego, razón pola cal non podo ser realista”.

*Democracia* - dos exiliados en Santo Domingo, estiveron agrupados todos os españois republicanos agás os comunistas-, e “*La Poesía Sorprendida*”, revista de creación poética que se editaba na cidade que por esos anos se chamaba Ciudad Trujillo. Saía en 1943 e durou ata o 47. Apareceron 21 números. A participación de Granell como fundador e un dos seus codirectores foi decisiva. En tódolos números se colocaba na portada unha prosa poética xunto coa viñeta de Granell.

Granell deulle ó surrealismo unha fiesta ás Américas e unha flor de Galicia. Aquela que lle medrou dun soño. Sempre soñou con Galicia. Respirouna cada segundo.

No exilio, nas súas diferentes casas, sempre houbo reunións moi animadas nas que se falaba do regreso. Será o próximo ano, dicía. Madrid, A Coruña, Santiago. Nelas reunións sempre había música, cancións, de todo tipo. Granell, que era moi bo violinista, en Santo Domingo consigue un posto na Orquestra Sinfónica.

"Se na túa familia hai libros e un piano, iso inflúe moito na túa educación. O surrealismo é un gran arte, un movemento musical que está presente na pintura e na escrita de Granell".

## Santo Domingo

En Santo Domingo gaña a vida tamén como columnista en "La Nación" entre 1940-45. Foi un labor fascinante. Redactaba diariamente unha columna que se chamou "Ventilador" que foi un sopro de aire fresco na rutina cotiá. Combinaba o humor coa conciencia social, a risa é cousa moi seria; as súas columnas son un testemuño valioso do que foi a "España peregrina". Permiten, ademais, coñecer un pouco máis o universo do noso actor.

Facía chegar ós lectores as súas impresións do día a día, as súas invencións, os seus pensamentos, e as súas opinións sobre a moral, a política ou a arte. Isabel Castells, na súa obra "El aire fresco de Eugenio F. Granell", optou por unha ordenación temática dos seus ventiladores, algo realmente difícil, conseguir pechar en categorías o que é un exercicio supremo de liberdade e espontaneidade.

## La Nación

En La Nación o 2 de xuño de 1941 adícalle unha páxina a Polonia que titula: "Polonia partida en dos. El nuevo orden en Varsovia" que inicia do seguinte xeito: "A resistencia de Varsovia foi asombro do mundo. Pero a resistencia da capital polaca tivo un fin. O fin da resistencia non foi a victoria senón a derrota. Trala derrota, sobreveu o inevitable. O inevitable foi a ocupación alemana. Esta palabra ocupación, é sen dúbida a que mellor determina a realidade dos feitos. Porque non se trata de governo, de organización, de orde. Senón de todo o contrario. Alomenos, no que concirne ós intereses polacos. Trátase de desgobierno, de desorde, de desorganización. Tal é o síntoma característico da vida na capital polaca. Ningunha palabra pode designar mellor a índole da invasión alemana: *Ocupación*".

Dous días despois, o 4, volve escribir sobre Polonia. Titula: "Los soviets instalados en Polonia".

Páxina na que fala da moeda, da represión anticomunista, sen esquecer ós refuxiados, á emigración á inversa. Reproduzo o que titula *A Propaganda*:

"O artigo de importación soviético máis importante foi a propaganda. O primeiro que levaron ós soviets á zona de Polonia ocupada por eles, foi a propaganda. Procedeuse axiña a organización de reunións, de mitins, de asembleas.

Nus e noutras acordáronse resolucións aclamando a Stalin, recoñecendoo como o xefe máis grande e expresándolle a súa gratitud por todo; polo benestar, pola abundancia, pola liberación e pola felicidade.

Pola súa banda, a prensa de cada cidade polaca de onde queira que fose, reproducía cada día retratos do líder soviético, a carón dos cales figuraban as resolucións de *gracias* votadas pola unanimidade dos traballadores".

Nesta mesma páxina do xornal, Granell escribe sobre a *represión*: "Foi a causa da represión que dos dous millóns de polacos procedentes da zona xermanizada, trescentos mil de entre eles seguiron o camiño do desterro nas estepas siberianas, ou se viron integrados, no mellor dos casos, en brigadas de traballo dedicadas á tala de bosques, ó arranxo de vías de comunicación, ó transporte de materiais de construción. Moitas familias quedaron desfeitas. O pai fora arrestado en Vilna ou Pinsk, cando tentaba rexeitar os efectos da represión. A muller e os fillos foran sinalados pola G.P.U. en calquera outra cidade do interior.

Os antigos membros do Cómite Central do partido comunista polaco que se atopaban en Moscú foron suprimidos. Entre eles, os dirixentes Lenski e Zarski. A mesma sorte correrón os populares poetas proletarios polacos Bronyewski e Wat, vellos afiliados ó partido comunista".

*O día 16 de agosto* do ano 42, Granell entrevista ó enviado especial de Polonia, e fai a seguinte introducción: "O Enviado Extraordinario en misión especial de Polonia, a súa excelencia Michal Kwaspiszewski, é un vello patriota polaco, curtido en antiga e ininterrumpida loita pola liberación da súa patria.

"Un soldado", díxonos el mesmo. E ten, en efecto, esa sinxeleza que caracteriza ó home de acción, ó home en actividade constante, abrillantada pola aureola de simpatía que presta ó exercicio da única profesión que non se exhibe envolta en diplomas nin certificados de estudio: *a de idealista*".

*O 6 de marzo do 43*, entrevista ó delegado de De Gaulle nas Antillas, e di na presentación: "Atópase en ciudad Trujillo o doutor Grousset, delegado do xeneral Charles De Gaulle nas Antillas. Veterano demócrata francés, renunciou ó seu cargo de encargado de negocios do seu país en Cuba, cargo que ostentaba facía dous anos e medio, por non prestar o xuramento de fidelidade á Petaín". Remata esta entrevista falando de xornalismo: "A importancia que tivo, e ten, áinda na Francia ocupada a propaganda que realiza a prensa subterránea é inmensa. A propósito dela dinos o doutor Grousset: "cando pasen os anos haberá que narrar a historia do xornalismo subterráneo francés. Milleiros de exemplares de esas publicacións des-

tribúense en Francia. *Le Pere Duchesne*, *Franc Tireur*, *Combat*, e tantísimos outros que foron o pesadelo de Vichy e os alemáns. Os sentimientos creados por estas publicacións e a constancia de actos de sabotaxe e de acción directa da retagarda, probaron o inimigo e os seus colaboradores que con De Gaulle estaban tódolos partidos franceses que, para non deixar dúbidas, emitiron unha declaración conxunta en franco reto ós delatores: Algúns colaboradores dixerón: "A hora é de perigos. ¿Por qué non intentar salvar o noso réxime?

Temos que apartarnos de Alemaña, rachar cos nazis, e trataremos de facernos donos do movemento que acaudilla De Gaulle. Pero o xeneral dixo en voz alta: "É moi tarde para pactar cos colaboradores. Colaboración e símbolo de traizón. Os que creron asasinar á República crucificaron á Patria. Francia non pacta con Xudas Iscariotes. Nós non nos imos asociar xamais con vós, e non só por decisión nosa, senón tamén por decisión do pobo francés que está unido baixo a nosa bandeira e baixo o honor do noso nome".

No xornal "La Nación" Granell foi amais de columnista o responsable das páxinas de cultura. Con el na redacción traballou outro galego que coñecía da súa estadía en Madrid, Ramón Suárez Picallo.

Os auténticos surrealistas, posuidores dun humanismo integrador, desprezaban o afán desmedido polos cartos. Granell di de Dalí: "sendo novo foi un dos más grandes surrealistas. Cando se fai maior é un cretino e un idiota. Falei con el algunas veces en Nova Iorque pero non tiña interese en facer amizade con el porque me resultaba moi despreciable a súa conducta posterior ó verdadeiro surrealismo que practicou. Penso que é un dos pintores más xeniais que houbo, pero iso no o exime das súas culpas de adhesión a Franco e a Hitler, ó nazismo e o fascismo italiano.

Iso é moi grave. Pasou de ser un xenio a ser un miserable. Para acadar diñeiro fácil pintou un retrato da neta de Franco "unha rapaza dacabalo", iso non é surrealismo, pero... se podía ver moi ben cal era o cabalo e cal a rapaza"; e aínda engade Granell: "Dalí tiña unha chaqueta azul mariño e estaba de cando en vez chea de caspa" Así despacha a Dalí.

O pai do surrealismo volvería a Santo Domingo en 1945, cando visita o grupo da revista "La Poesía Sorprendida", que lle gustou moito, igual que á Juan Ramón Jiménez. Bretón anima a Granell a seguir pintando e escribindo.

E puido facelo porque a Trujillo, que era case analfabeto, a cultura lle importaba un comino; pero pasa o tempo e vólvese primeiro un megalómano e logo un desapiadado asasino. Un grupo de artistas, partidarios do dictador redacta unha carta de apoio ó réxime e Granell négase a asinala.

## Guatemala

Perante as ameazas cara a súa persoa e á dos seus familiares vaise a Guatemala. "Pareceunos un país marabilloso, o seu ritmo de vida era dunha lentitude mortal. Ofrecíanme tódolos días traballo, pero nunca mo daban ata que conseguín poñerme a traballar na radio". "Foi moi importante a súa presencia como conferenciante en "La Voz de Guatemala".

Foi tamén profesor de artes plásticas e da universidade, colaborou en diversas publicacións, as revistas AGEAR (Asociación Guatimalteca de Escritores e Artistas Revolucionarios), PLÁSTICA, pertencente á Escola de Belas Artes, REVISTA DEL MAESTRO, que dependía do Ministerio de Educación e VIENTO NUEVO. Escribe Granell que Arévalo, pedagogo eminente cando cesou como presidente, defendeu moitas veces dos comunistas que tentaron expulsalo do país. "Arévalo tivo que se exiliar por mor da dictadura de Ubico, que era un xeneral un pouco menos que o noso. Tiña un so testículo e facía todo o posible para amosar que non era así".

## Puerto Rico

Cando as cousas se poñen moi feas, Granell sae para Puerto Rico onde collabora co xornal da universidade, La Torre. Estivo 7 anos na Universidade de Río Piedras. Coñeceu moito e tratou a Juan Ramón Jiménez e a Federico de Onis.

## Nova Iorque

No curso 56-57 vaise a Nova Iorque cun ano sabático. Regresa por un ano máis a Puerto Rico, e xa se instala en Nova Iorque onde da clases no Brooklin College, onde se xubila como profesor emérito ata regresar a España. Dá clases de literatura española do Século de Ouro sobre literatura moderna.

## España Libre

En Nova Iorque dirixiu os últimos anos da existencia do xornal "España Libre", unha publicación republicana que acubillou a republicanos, socialistas, anarquistas e militantes do POUM. Un dos seus directores foi o anarquista González Malo.

"España Libre" estaba subvencionada amais de polos españois polo sindicato metalúrxico norteamericano e o da confección.

En "España Libre", a pé de páxina sempre figuraba a seguinte lenda: "Cidán, compatriota, recibes esta información por cortesía de Solidariedade Internacional Antifascista (S.I.A)".

Divúlguea como un xesto solidario cara outros concidadáns para ben da cultura e a liberdade.

Durante todo o exilio conservou fondas feridas que lle deixou o stalinismo, algo que explica que tanto poumistas como cínetistas rexeitaren calquera relación cos membros do PCE. No seu labor xornalístico fai pedagogía, tenta desmontar as mentiras espalladas sobre a nosa guerra civil.

En "España Libre", titula a súa columna *Ventanillo*, e en outubro do 68, coa sinatura de I.T. (Indio Tupinamba) escribe o seguinte: **HORROR MOSCÚ-MADRID**: "O escritor español que saíu á rúa da Princesa, de Madrid, cun cartel pedindo eleccións libres en España, é heroe. O escritor ruso que na Plaza Roja, de Moscú, despregou unha pancarta reclamando a liberdade para os checoslovacos, e outro heroe. Así pois, hai dous heroes no mundo actual. O heroísmo hispano durou 9 minutos; o ruso durou 3. total, 12 minutos que commoveron ó planeta. ¡O mundo non está perdido!. ¡A humanidade pode evitar que a trituren as rodas dentadas das castas totalitarias reinantes!. Tan fugaz paréntese reflectiu a imaxe da liberación de Europa.

A policía rusa axiña detivo ó moscovita. A española de seguido fixo outro tanto co madrileño. A policía soviética obrou en defensa do nacionalismo ruso, tal como é -pois non hai outro. A policía franquista actuou en defensa do único posible nacionalismo español. E que non hai nada más horrible que a liberdade para quen a teme. Un só home ó oeste e outro só ó leste foron abondo para que se abanease a ponte anacrónica do totalitarismo".

*En novembro-decembro do 70*, explica que se debe acabar dunha vez coa beatería polos ídolos rusos, e principia así: "A debilidade do movemento obreiro español pode medirse pola cantidade de inocencia de certos sectores que ainda, a estas alturas, creن que a cooperación dos comunistas é necesaria". E cara ó final do artigo escrebe: "Os lobos ferozes, activos ou pasivos, son, desde logo, bestas. E así mesmo, carnívoros. ¡Qué dramática situación dos unitarios pro-comunistoides!. Buscan feras devoradoras e dan con lobos disfrazados de cordeiros.

¡Pois ata o circo soviético que acaba de visitar Madrid, en troques de remediar a ferocidade ancestral das bestas da era romana, foi saudar cordialmente, como se nada, ós redactores do ABC!.

A unidade das forzas democráticas e obreiras españolas debe purificarse de toda beatería ruso zoolóxica. Basta de rusismo, e de bobaliconerías teóricas que só causaron catástrofes á revolución española. Que os circos rusos visiten o ABC, pode pasar, pero ¡nada máis!. ¡Alá os adoradores dos ídolos rusos cos seus problemas complexos, que non son, desde logo, os da revolución española!

*En marzo-abril do 75*, tamén en "España Libre", e coa sinatura E.f. Granell, fai unha análise extensa e fonda do libro do escritor e historiador español Ignacio

Iglesias, "Las últimas semanas de la República Española", que confirma as súas teses do papel desenvolvido polos comunistas na guerra civil española.

Selecciono este breve fragmento: "O repudio xeral do poder comunista creou unha situación de baleiro que había que cubrir dalgún xeito. Tal foi a misión que se impuxo a Junta de Casado no mes de marzo de 1939. Entón, o illamento comunista da dramática realidade circundante foi tal, que un historiador tan do partido como Tuñón de Lara, viuse forzado a recoñecelo: "Escribiu Tuñón de Lara que ó amencer do día 6 de marzo, o goberno de Negrín comprobaba o seu illamento, e non tiña máis protección que a de 80 guerrilleiros". Entón fuxiron todos os xefes comunistas supuestamente campións da resistencia antifranquista a vida ou morte. Todos, mesmo o heroe Negrín e o poeta oficial Alberti. Na súa fuxida privaron ó exército dos últimos avións dispoñibles. Así mesmo deixaron abandonados no seu enorme infortunio os seus propios cadros, ó exército e á poboación republicana. A Junta de Casado foi a cabeza de turco propicia para que os comunistas descargasen sobre ela as súas responsabilidades".

Granell non cedeu nunca nas súas conviccións políticas. *En xaneiro-febreiro do 76*, coa sinatura E. Fernández, titula o seu traballo en *España Libre, Pasionaria, figura da gran traizón*: "A responsabilidade do partido comunista español pola perda da guerra civil é inmensa. Os seus dirixentes manipularon tódolos resortes do seu poderoso aparato represivo para servir os intereses rusos, non a causa da liberdade de España.

A fama da Pasionaria creárona a propaganda comunista e a prensa capitalista, sempre acordes na explotación do sensacionalismo. Pero esta muller non é unha heroína española. É unha espía soviética. Os seus camaradas do comité executivo sabían que era axente da Checa. Por iso temían. Recibía ordes de Stalin a través de Orloff e de Togliatti, xefes da policía secreta rusa en España. Hipócrata, falsaria, desleal, ávida trepadora, a costa de vender os seus amigos, carece de senso recordala cando Franco se pudre. Ámbolos dous son equivalentes en canto ó dominio da trampa e o crime.

Valéndose do ectoplasma de Pasionaria, queren substituír ó materialismo histórico polo espiritismo ideolóxico. Non.

Que non volva a Pasionaria, nin ningúén coma ela. En España sobras os pantasmas totalitarios, comunistas ou fascistas, que o mesmo da, e só diferencian ós imbéciles e ós malvados. Quédese Pasionaria onde este. En Moscú, en Praga; ou ¿tal vez xa en Siberia?"

## Outras colaboracións

Tamén colaborou na "Revista Hispánica Moderna" que fora fundada por Federico de Onís. César Antonio Molina reuniu a práctica totalidade dos textos escri-

tos por Granell para á prensa e a radio, que foron publicados e emitidos en emisoras e xornais latinos e norteamericanos durante o seu exilio de 40 anos. "Eugenio Granell, ensaios, encontros e invencións".

## O regreso

"Eu sei falar moi pouco de min mesmo. Asómbrame agora, aquí, en España, que case todo o mundo que escrebe unha novela, ó día seguinte, da unha conferencia para explicar o que quere decir nela.

Hoxe, en día, a xente é máis alta, fisicamente, moi diminuída espiritualmente. A xente despreocúpase de soñar, de fantasear, de imaginar, porque a vida práctica é más cómoda e grata".

Granell soñou cun mundo mellor, soñou co regreso do exilio. Soñou con Galicia. Amou Santiago sempre: A Rapa da Folla -rincón ó final da Carreira do Conde-, a Ferradura, o palco da música da Alameda, saen na súa obra *A novela do Indio Tupinamba*. Principiou a preparar as súas *Memorias de Compostela*, no ano 97, nas que como imaxes da memoria sinala: "Excíntanos as circunstancias polas que se nos aparecen as lembranzas en todo o seu esplendor, que é o que a mi me sucede ó animarme a visión conxunta de Santiago e a Coruña, marabillosamente orlada por estrelas, illas, árbores e fachos.

Esta é a transmutación misteriosa que adquieren, para mi, algunas evocacións infantís. Os aconteceres dos primeiros anos infantís grávanse reciamente nas planchas da memoria dese tempo.

En Santiago iniciouse a miña educación. Foi onde bebín a miña primeira cervexa, e fumei o meu primeiro pito.

Lin o meu primeiro xornal La Noche, e escribín cos meus irmáns Mario e Julio, e dous amigos, a miña primeira revista cando tiña 12 ou 13 anos; a revista chamámola SIR -Sociedad Infantil Revolucionaria- chamámoslle revolucionaria porque forante ó espírito levítico de Santiago, críamos que tiñamos que ser revolucionarios. Era a época en que había miles de estudiantes para curas no seminario, e catro para a universidade.

En Santiago foi onde por primeira vez limpei os dentes cun invento que acababa de aparecer no mercado (tubo pasta dentrífica).

Vin as primeiras películas, contempléi as primeiras exposicións de arte, oí os primeiros concertos e escribín as primeiras cartas a alguén. Relata Granell que ó pasar pola tenda de música que había na rúa do Vilar, a comezos dos anos vinte, veu no escaparate unha litografía da condesa de Pardo Bazán, cousa que contou ó chegar á casa. Tería 10 anos, e principiara os meus estudos de música ós 8. "O meu

pai díxome que o que eu vira non era un retrato da condesa de Pardo Bazán, senón a dun gran compositor alemán que se chamaba Juan Sebastián Bach.

¿De dónde sacaches, Nucho, que era dona Emilia? Ben, a min pareceumo. Ela ten exactamente tres queixos como o músico ese”

Granell foi un home absolutamente vivo na súa curiosidade, marabillosamente xeneroso, cultísimo -ler é xa ser antifascista, dicía Reimundo Patiño-, inquebrantable na súa tesisura moral, que o único que desexaba era que todos vivísemos nunha democracia, con tódolos defectos que esta puidera ter. “Ter liberdade de expresión é o máis importante, todo o demais -tarde ou cedo- virá engadido”.

Rompeu fronteiras sempre cunha actitude optimista e fascinada. “La Victoria galopa en corcel piafando encantos. La Victoria en su carro de gas desata cuantos nudos encuentra en el camino. Les da rienda suelta a todas las cosas. No se cansa la Victoria de abrir rastrillos candados postigos y trancas.

De encender pájaros y rinocerontes y Albertos Dureros  
Y versos sencillos sacados de la cárcel  
De apartar las cortinas de los escondites  
De darle chocolate a los moribundos  
Y a los párvulos espejos y acordeones  
La Victoria no está acorralada”  
(Discurso del Método)

Universal Granell, sempre querendo romper fronteiras. Gracias Eugenio por soñar, por facernos soñar. Nunca te fuches. Ata a Victoria, sempre.

## Bibliografía

Rey Lagarto. España -E.F. Granell. Nº 8. 1990

El aire fresco de Eugenio F. Granell. Introducción Isabel Castells. Fundación Granell. 2000

Ludwig Zeller. E.F. Granell "Estela de presagios". Rey Lagarto. 1ª Edición España. 1991

Arte e compromiso social da cultura galega. María América Díaz e María Díaz Rei. Edicións do Castro 2005

E. Guigon. El surrealismo y la guerra civil española, 1998

E. Guigon. Catálogo exposición: E. Granell "Islas y Brasas". Museo de Teruel 1990

E.F. Granell - 80 aniversario, 1992

Catálogo - Libro Exposición Galería Pardo Bazán. A Coruña

E. Granell. Grandes pintores. Edición César A. Molina. Deputación Prov. A Coruña

Eugenio F. Granell. Libro Homenaje. Concello A Coruña. Editor literario César A. Molina

Eugenio Granell. Ensayos, Encuentros e invenciones. Edición y prólogo C.A. Molina. La Rama Dorada / Huerga y Fierro editores, 1998

Eugenio Granell. Carlos Arias. A nosa memoria. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura 2005

El granito y las luces. Nicole Dulin Bondue. Edicións Xerais de Galicia. 1987

Manifestos das vanguardas europeas. Xesús González Gómez. Edicións Laioveneto. 1995

A. M. Campoy -"Eugenio Granell y el surrealismo en América" ABC 1975

Escritores-pintores españoles del siglo XX . Estelle Irizarry. Edicións do Castro. 1990

Memorias de Compostela. "Visión orlada por estrellas, islas, árboles y antorchas". Fundación Eugenio Granell. Editora Natalia Fernández Segarra, 2006.